



ANO XXXV • Nº 942 - Do 28 de marzo ao 10 de abril de 2016

# Manuel María, Galicia como centro



# A foto que fala

Tu quoque, Lula, fili mi



## O trasno A oportunidade siria

Daniel López Muñoz



Se hai pola Galicia adiante alguén con tentacións neonazis, filopijas ou inmisericordes, como eses seareiros holandeses do PSV Eindhoven que fixeron burla das romanesas na praza maior de Madrid, debería ser sinalado non só co dedo acusador do noso sentimento humanitario, básico

e visceral, senón tamén coa crítica da intelixencia económica.

A nosa xente nova segue marchando, e pospoñendo a paternidade/maternidade ata despois dos trinta e tres. E iso non ten traza de mudar. E as razóns son as que son: porque un prato é un prato e un vaso é un vaso, que di a sabedoría política dominante. E nin a miserenta oferta de emprego digno de tal nome (que acaba favorecendo os fillos e fillas dos mesmos “ambientes” e familias); nin a maneira de organizar a vida, os consumos, e os horarios das caixeiros dos hipermercados e demais *empregos de calidade*; nin a falta de servizos de acompañamento técnico para que os que queren emprender -por exemplo no rural, con calidade, innovando desde a tradición- poidan facelo con éxito.... nin nada á vista, insistimos, nada! indica que a cousa vaia cambiar a curto e medio prazo.

Por iso hai cálculos sobre o noso colapso. A propia Xunta xa o indica nos seus documentos estratéxicos: mesmo pasando dos 1,07 fillos por muller actuais a un inalcanzable 2,1, en 2029, teríamos 120.000 habitantes menos.

Só hai unha posibilidade: combinar máis nacementos “autóctonos” con multiplicar por catro o fluxo anual de recepción de inmigrantes, pasando dos 5.000 actuais aos 20.000.

Por iso, a xente que foxe de Siria, moita dela ben preparada, motivada para recomenzar a vida en paz, e aberta a unha terra de acollida que sexa tal, deberían ser, con visión estratéxica, aliados naturais dunha Galicia infértil.

Pero nin os sirios queren vir a Galicia -saben dela?- nin aquí se ven como oportunidade, senón como ameaza. Que facemos publicando eses informes e carecendo do tempero para deseñar un plan para ir captar refuxiados -especialmente esas familias novas, con nenos-, informais, invitálos, traelos, acompañalos (implicando a un voluntariado civil activo), distribuílos no territorio, reciclalos laboralmente, instalalos en casas rehabilitadas do noso patrimonio en ruína, escolarizar os cativos, e facer unha gran festa da acollida con gaitas e percusión de *darbukas*, con sardiñas, pan de pita e *Baba ghanoush*?

# Editorial

## O de arriba abaixo e viceversa

Celebrar a Pascua é celebrar o mundo do revés. Pode haber moitas versións e interpretacións e vivencias diferentes entre as comunidades cristiás sobre ese fenómeno chamado resurrección, que non obedece, en calquera caso, á lóxica dos feitos cientificamente demostrables. Pero o que está claro, desde a fe compartida e celebrada, sexa do estilo que sexa, e desde o que honestamente sabemos da historia dun profeta serodio chamado Xesús, é que nas primeiras comunidades, despois daquela morte matada, houbo unha maduración sobre a transcendencia da persoa de Xesús, sobre o moito que revelaba, e, sobre todo, sobre o feito de que esa vida concreta, e esa morte concreta, mereceron un aplauso interminable por parte de Deus. Como pedindo, entusiasmado, un “bis”.

Toda a linguaxe e o simbolismo da Pascua, remiten a ese divino aplauso ás vidas vividas sen traizoaren a propia conciencia. E son moitas. E remiten tamén a unha determinada maneira de entender o liderado, a utopía e de abordar a debilidade humana. De plena actualidade, con permiso do pensamento dominante. Aplaudir a vida daquel sandador de Galilea que pasou facendo o ben pode, despois de todo, ser moi relevante en tempos de tribulación social e política.

## Celebrar a Pascua é celebrar o mundo do revés

Aquel líder, aparentemente derrotado polo sistema, para desconcerto do grupo de compañeiros e compañeiras, chegado o momento previo á súa captura pola policía política, nun instante de enorme densidade simbólica, colleu o posto e a tarefa do escravo, e lavou os pés daqueles camiñantes. Con naturalidade e cariño. E dixo que ese era o xeito, que non había outro.

E apostar pola utopía, non obstante, poñer a mira no soño do que ten que ser -e abofé xa vai sendo, aquí e aló-, nesa mesa de festa compartida, fraternal e “socialmente invertida”, non pode levar a ningún purismo, a ningún mesianismo, a esquecer aos que atopamos no camiño: nin as manchadas, nin os impuros, nin sequera os colaboracionistas. Só vale o programa mesianismo cero, e o de a cero tolerancia co neo-dogmatismo dos inmaculados.

Poñer o de arriba abaixo e o de abaixo arriba ten ese toque: comeza na proximidade máis próxima ou non comeza nunca.

# Rumores de esperanza

Xan Guillén

Era difícil, era moi difícil. Substituír a Neira Vilas na Real Academia Galega non podía facelo calquera e escolleron ben. Marilar Aleixandre foi a elixida. É ben certo que aínda ten que pasar polo trámite da votación, pero coído que non debería haber problema.

Eu alegreime moito. Trátase dunha grande escritora que ten nas súas costas unha longuíssima lista de títulos e experiencias no mundo da literatura e da didáctica das ciencias. Pero, para min, o máis salientable deste nomeamento foi que escolleron unha autora que destaca no eido da literatura xuvenil.

Para moita xente, a literatura xuvenil é unha filla pobre e parva da literatu-

ra en maiúsculas. Para quen pense así, aconséllolle que lea a Marilar, que é quen de escribir para adolescentes sen tratalos como papáns e sen tentar moralizalos. Nas súas obras dálles mensaxes serias e coherentes. As súas obras non escapan de temas difíciles. Eu lin tres delas. N’*A expedición do Pacífico* preséntase unha expedición investigadora histórica desde a visión dunha nena que arrisca para entrar nela. *A banda sen futuro* conta a peculiar visión dunha rapaza que loita por superar a enfermidade e os seus complexos nun novo instituto ao que non quere ir. *A cabeza de medusa* entra na traumática experiencia dunhas mozas que son violadas.



Sen dúbida, Marilar aportaralle novas ideas á RAG. Parabéns á autora pola súa traxectoria e a todos nós porque temos grandes escritores e escritoras en todos os eidos da nosa literatura.



1



3



2



4

# A peneira

1

A Feira do Libro de Bos Aires (dende o 21 ata o 9 de maio), unha das máis visitadas, homenaxea a **COMPOSTELA**. A mellor celebración é ler *Os elefantes de Sokúrov*, a novela de Riveiro Coello (Galaxia) que transmite a paixón e as angueiras d@s veciños de hoxe nas prazas de Cervantes, Galicia, O Pombal...

2

**AMNISTÍA** denuncia a Lei de estranxería, que impide a milleiros de inmigrantes acceder aos servizos de saúde e que permite a súa expulsión inmediata -igual ca de refuxiados, prohibida polo dereito internacional. Só o 45% acadan o asilo. Tamén acusa a Lei de Seguridade que permite excesos da policía e machuca a liberdade de expresión.

3

O 2 é o **Día da Concienciación sobre o Autismo**. Remarcamos o maxisterio de Anxo Carracedo, investigador sobre os xenes relacionados co Trastorno do Espectro Autista (TEA) e das enfermidades raras. É o noso científico con máis proxección internacional e cun compromiso rexo de visualización do galego no seu traballo.

4

En Ferrol denuncian pisos con mulleres sudamericanas obrigadas á prostitución. En Galicia son **240 CLUBS e 323 pisos**. Un de cada cinco nen@s en Europa no 2012 sufrían abusos sexuais, ata na contorna familiar e no silencio. Na foto Xosé López presenta en Lugo *Mujeres cruzando el Atlántico. (Relatos biográficos de migrantes brasileiras en los mercados del sexo)*.



Alfonso Blanco Torrado

5

A Escola Galega de Consumo imparte as Xornadas sobre **CONSUMO** responsable. Van ser os sábados de abril nas capitais de provincia e dirixidas aos/ás profesionais de servizos sociais que traballan coas familias na organización da economía doméstica para que lles dean información, formación e asesoramento. (inclusion.social.ctb@xunta.es).

6

O 30 entréganse os XX Premios de Teatro María **CASARES** na Coruña. Outros tantos hai do seu pasamento en Francia. Nacera (1922) no actual Museo Casares Quiroga, o fogar de Santiago, o seu pai, antes do golpe de estado que os levou ao exilio. Arestora e o espazo de moitas iniciativas da recuperación da memoria histórica.

7

Celebramos o "Día do Teatro" coa estrea de **FOUCELLAS** pola compañía Talía e do director Cándido Pazó. É un retrato fiel da resistencia antifranquista que nos prepara para a distinción da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica aos Republicanos de Honra 2016: o Movemento Guerrilleiro Galego nas persoas dos que viven: Camilo de Dios e Francisco Martínez. Será no Día da República.

8

Un asasinato máis en Honduras (111 entre 2002-2014) dunha líder indíxena, Berta **CÁCERES**, Coordinadora do Consello de Pobos Indíxenas, que estaba a denunciar as multinacionais mineiras e hidroeléctricas que machucan os recursos naturais e obrigan ao éxodo das comunidades.

# Política A media hasta

Carlos Vázquez G.



Varios concellos, que eu saiba españois, decidiron colocar a bandeira europea a media hasta como mostra de protesta polo ignominioso tratado que se pretende facer con Turquía para eludir o noso deber de outorgar asilo aos refuxiados políticos, sobre todo sirios. Contan as crónicas que este aceno de solidariedade e de denuncia política causou estupor e perplexidade entre os altos funcionarios e dirixentes da UE en Bruxelas. O que revela ata que punto os dirixentes europeos están na verza. Porque calquera europeo minimamente consciente cae na conta de que o comportamento da Unión, na chamada crise dos refuxiados sirios, está poñendo en cuestión a UE mesma e, de sosterse, sería o inicio do fracaso total do proxecto europeo, ao ignorárense ou corrompérense definitivamente os obxectivos cardinais da Unión. Basta ver os efectos que está a ter a crise sobre o dereito á libre circulación das persoas, por exemplo. A bandeira colócase a media hasta en sinal de loito por unha desgraza colectiva. E aquí a gran desgraza é o crime contra a humanidade que colectivamente estamos en camiño de asumir e legalizar e que, ademais da morte e do sufrimento inxusto de tantos seres humanos, traerá consigo a destrución desta patria ética que estabamos construíndo para que nela convivisen en paz e se desenvolvesen tantas patrias étnicas, que se foron conformando en Europa a través da súa historia.

## O comportamento da UE na crise dos refuxiados está poñendo en cuestión a Unión mesma

É certo que o proxecto europeo comezou con acordos meramente comerciais e coa coordinación de mercados estratéxicos. Empezamos, por así dicir, polas “cousas de comer”, pero desde o inicio estiveron claros os fins e obxectivos definitorios do

proxecto. Tratábase de que os pobos e nacións europeas, a punto de saíren da gran catástrofe das dúas guerras mundiais, confluísen nunha unión política para garantir á cidadanía europea os dereitos humanos universais vixentes e orixinarios da gran revolución francesa e para asegurar o benestar nunha sociedade libre e democrática. Esta debe ser a nosa nova patria ética, como diría Amin Maalouf. Ponse en cuestión se as leis e normas da UE algún día conculcan estes principios, tal como sucedería se se materializase o infame tratado con Turquía, para externalizar, como diría Iñaki Gabilondo, as obrigas colectivas que entraña o exercicio dos dereitos fundamentais en que se asenta a UE.

Poñen a bandeira de Europa a media hasta xusto para non ter que arrialo definitivamente.



# O peto común

Rubén Aramburu

Non dou imaxinado a Xesús de Nazaré e a súa xente organizando procesións polas rúas de Xerusalén e, polo mesmo, non dou entendido esa desmedida paixón do catolicismo español cara ás procesións, como vimos a semana pasada. Un día, nunha festa que tiña moita afluencia, pregunteille pola santa que levaban en procesión a varias persoas do lugar e non sabían nada da súa vida, pero que era moi milagreira e a tal veciño curoulle un mal e aqueloutro salvoulle a vida cando estaba a morrer.

Respecto a fe de moita xente que acode, e mesmo vive con fonda devoción o paso dos santos, pero cando vexo procesións noutras culturas e relixións como na India ou no Tibet, penso que o de Xesús ten que ser outra cousa.

A semana da Paixón ofreceunos o arrepiante espectáculo do ACORDO DA VERGONZA: a *contraprocesión* do poder. Milleiros de persoas arrastradas, coma se fosen gando –e peor alimentadas–. Asombroume o silencio da cidadanía: agás uns poucos, encheron os estadios de fútbol, os restaurantes, os hoteis, as praias... e as procesións de Semana Santa.

Os bispos españois publicaron unha nota valente contra tal acordo vergonzoso, mágoa que os medios non lle presentaron atención e poucos souberon do tema. Nesta Pascua estreada somos chamados, como o cego do camiño, a ver nestes irmáns refuxiados o Nazareno que pasa por diante e berrarlle: Ten compaixón, coas túas feridas cura a nosa cegueira!



## O CARRABOXO por ROBE LOIS



# Entrevista Conversa con Camilo Gómez Torres

Aldegunde Quiñones



*Camilo Gómez Torres, profesor no IES Lucus Augusti durante moitos anos, é un dos maiores especialistas na obra de Manuel María. Ata tal punto é así que cando o propio Manuel non sabía un dato dicía “preguntádelle ao Camilo”. Este amigo, estudoso e biógrafo do poeta chairego publicou numerosos traballos sobre diversos aspectos da obra de Manuel María. Con el iniciamos unha serie de entrevistas sobre un dos autores máis importantes da literatura galega de todos os tempos.*

## **Que vinculación tivo Manuel María coa cidade de Lugo?**

Despois da morte de seu pai, en 1943, Manuel María pasou a vivir co tío crego, fundador da parroquia da Milagrosa. Nesta cidade fixo o bacharelato e logo iniciou os estudos de Filosofía e Letras, como alumno libre, pola negativa do tío a sostelo en Santiago se non estudaba Dereito. Pero deixounos polas dificultades con materias como Latín e Grego.

En Lugo, ademais de ao faladoiro do café Méndez Núñez, nas que a presenza de Luís Pimentel era habitual, inicia o proxecto da edición da revista poética Xistral, imparte as súas primeiras conferencias e escribe arredor dunha ducia de poemarios, dos que *Muiñeiro de brétemas* foi o primeiro. E en Lugo coñece e namórase da que sería para sempre a súa compañeira e amada: Saleta Goi. En Lugo residiu ata 1958, ano no que se instala en Monforte para exercer a profesión de procurador dos tribunais.

## **Que o levou a vostede a se converter nun dos mellores estudosos da obra de Manuel María?**

Por unha banda, a amizade que dende comezo dos sesenta compartimos e gozamos: Manuel María fora o meu profesor de Literatura española, en 4º curso de bacharelato na Academia Monforte, na que moitos monfortinos

## *“Cada verso de Manuel María ten a Galicia como centro”*

nos preparabamos para examinarnos en Lugo como alumnos libres; e por outra, a admiración que sempre sentín cara á súa obra poética, que fun descubriendo segundo ía agromando e facéndose, por mor do trato e relación de amizade que mantiven con el despois de deixar as aulas da Academia Monforte.

## **El inaugurou unha tendencia poética coñecida como Escola da Tebra. En que consistía?**

A finais dos corenta e comezo dos cincuenta, nas duras condicións sociopolíticas derivadas da Guerra Civil e da opresión que exercen os franquistas sobre a sociedade galega, existencialismo e saudade fusiónanse, ao dicir dos estudosos, na esencia galega e propician unha liña poética coñecida como existencialismo saudoso ou Escola da tebra.

## **Manuel María fixo un monumental esforzo creativo**

Trátase dunha poesía existencial e intimista, marcada por unha lectura pesimista do vivir e unha intensa angustia vital, que procura o achegamento e a análise do eu persoal, sempre rodeado polas tebras dun vivir asolagado na dor do baleiro existencial.

Este achegamento á intimidade angustiada do eu, intimidade plena de negruras e pesimismo, exprésase, ora nunha linguaxe onírica, ora surrealista preferentemente.



A DEFENSA DA LINGUA, UNHA CONSTANTE

### Que constantes sinalaría na poesía de Manuel María?

A preocupación e defensa de Galiza e a súa lingua, o galego. Cada verso, cada poema, cada poemario seu ten a Galiza como tema, eixo e centro; nin os versos nos que canta costumes, terras e xentes alleas (caso de libros de versos como *Laio e cramor pola Bretaña* ou *A Primavera de Venus*) se poden librar da galegitude que impregna toda a súa obra poética.

O seu monumental esforzo creativo poético, ademais de acreditar no profundo coñecemento e no incommensurábel amor por Galiza e a súa lingua, ademais de espellar a íntima e total comunión da súa natureza humana coa natureza telúrica, resposta a un ambicioso proxecto, íntimo e persoal, definido xa nos cincuenta, arredor de tres eixos: as ensinanzas da terra e das súas xentes, o herdo dos homes da Xeración Nós e do Partido Galeguista e a súa evolución persoal, intelectual e política que se asenta no proxecto nacionalista galego xa dende comezo dos sesenta.

### E que etapas houbo nunha produción tan extensa coma a del?

Non é doado establecelas. Xa nos anos cincuenta o seu universo poético está centrado e configurado na diversidade de formas, elementos e compoñentes da realidade que chamamos Galiza, é dicir, homes, natureza, costumes, historia, eivas, traballos, xeografía, terras, etc. E nas catro décadas seguintes agranda ese universo, ora abrindo novos espazos, ora inventariando novas formas e elementos, ora abranguendo outras áreas do saber e a cultura galegas. E non debemos esquecer, as súas tan anticipadoras como salientábeis achegas no campo da sociolingüística galega.

### Que foi Manuel María para a Terra Chá?

Non foi o primeiro poeta chairego; e tampouco será o último. Mais, non é aventurado afirmar que é o poeta que máis cantou a Terra Chá, non só no poemario homónimo, senón en moitos outros, porque a Chaira viaxa por toda a súa obra: *Escolma de poetas de Outeiro de Rei* (1982), *Ritual para unha tribu capital de concello* (1986), *Poemas para dicirle a dúas lagoas* (1994) ou *Sonetos á Casa de Hortas* (1997) son outros poemarios seus nos que a Chaira é a única protagonista. Mais tamén está presente illadamente noutros poemarios como *Remol* (1970) ou *A luz resucitada* (1984).

## Nos 50 xa estaban definidos os núcleos da súa obra

DRAMATUGRO, NARRADOR, XORNALISTA

### Foi poeta pero, pero non só.

Tamén cultivou a narrativa, o teatro, os estudos literarios e a crónica xornalística. O conto e mais o relato curto foron os subxéneros narrativos nos que mellor se desenvolveu: *Contos en cuarto crecente* (1952), *Krikoi, Fanoi e D. Lobonís* (1973) e, entre outros, a triloxía *A tribo ten catro ríos* (1991), *Cando o mar foi polo río* (1992) e *Vixaxes e vagancia de M. P.* (1994) son algúns dos títulos que conforman a súa valiosa achega ao campo narrativo galego.

### E tamén lle gustaba moito o teatro.


Si, é moi salientábel a súa achega no campo teatral, motivada polas demandas que amigos e colectivos teatrais lle fan. Temos pezas como *Barriga Verde* (1968), *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo, chamada Berenguela* (1979), *Auto transcendental da escola tradicional* (estreada en 1977) ou, entre outras, *Auto do maio esmaiolado* (1982).

Outras obras súas, galardoadas co Premio de Teatro Abrente, foron *Farsa de Bululú* (1992) e *A revolución de 1846* (1999).

### E aínda tivo tempos para os estudos literarios e as colaboracións xornalísticas.

Como estudoso da nosa literatura, cómpre salientar traballos seus como *Noticia da vida e poesía de Xosé Crecente Vega* (1968), *Noticia da poesía galega de posguerra* (1972), *O tema da emigración na poesía galega* (1989) ou, entre outros moitos, *A recuperación da narrativa en galego: Ánxel Fole* (1997).

Artigos xornalísticos seus teñen a parecido dende finais de 1949 en xornais e revistas como *El Progreso*, *Faro de Vigo*, *La Noche*, *El Pueblo Gallego*, *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *La Región*, *Vida Gallega*, etc., ademais das colaboracións semanais en *A Nosa Terra* (1978-1989) e *El Correo Gallego* (1989-2004).



# O esvaecedor de silencios

MANUEL ARCA CASTRO

## Onde prestan tanto esas cervexas?

Fuxindo de promover o consumo de alcol ou facer propaganda barateira dunha marca de cervexa, o obxecto deste artigo é amosar a estreita unión que existe entre a *tradución* e a *publicidade*. As máis das campañas publicitarias son moi orixinais, xa que buscan, sen lugar a dúbidas, prender a atención do público ao que van dirixidas. E, se estas teñen éxito, probablemente se requiran os servizos dun profesional da tradución que consiga espallar a sonda do produto anunciado nunha cultura diferente.

Entre as múltiples estratexias de tradución posibles está a *adaptación*, que procura achegar un referente cultural dunha cultura orixe a unha cultura meta. Mais, que ocorre se este referente cultural é un topónimo co que o público se deba sentir identificado? Pois, xaora, hai que traducilo para conseguir o mesmo efecto en todos os receptores, sexan de onde sexan. E niso consiste a campaña de Mahou Sin.

Polo tanto, segundo o lugar no que nos encontremos, recibiremos informacións distintas, mais non contraditorias, claro. A Mahou Sin presta moito en Compostela, pero tamén en Pontevedra e, de seguro, noutros recantos do país. O destinatario queda aprehendido dese topónimo rechamangueiro, que se encontra inserido nun texto no que non é habitual a súa presenza, tal vez alleo, que non lle corresponde. O grao de localización desta publicidade é inmenso, o que nos había permitir preguntarnos: ata que punto pode chegar a *adaptabilidade* no campo da tradución? O seu linde podería estar demarcado polo noso propio idiolecto.

Mais tamén se *traduciu o paratexto*. A imaxe muda segundo o lugar no que nos encontremos: as persoas son diferentes e o fondo adáptase ao sitio que se pon de relevo no texto. Así, o grupo de amigos pontevedrés non é o mesmo ca o compostelán, nin tampouco a súa contorna. Os primeiros parecen estar nos arredores do convento de San Francisco e os segundos, nas inmediacións da rúa do Franco ou na praza do Toural.

Tendo en conta que se realizou un labor de localización, tamén se puido encargar unha tradución do texto ao galego, para inserirse de cheo na cultura meta. O orzamento da empresa cervexeira non se había incrementar porque a tradución do texto non supón un custo engadido (visto que a localización textual e a adaptación icónica foron posibles). Quizais que os responsables de Mahou non fagan coñecer a súa marca en galego é sinónimo da anormalidade lingüística que atravesa o noso país. Pero mesmo a rareza de usar a lingua de Rosalía nunha campaña publicitaria podería aproveitarse como aliciente para chamar a atención do receptor e garantir o éxito e a sonda do produto.

A conclusión de todo isto é que o sabor desta cervexa non debe de ser *mao* en ningures, malia que a arrincadeira, por desgraza, non se poida gozar en lingua propia.





*Despois de 10 meses de espera, a sé de Mondoñedo-Ferrol xa ten bispo. O Vaticano informou que Luis Ángel de las Heras, misionero claretiano, actual presidente da CONFER, é o elixido. Segoviano de nacemento, con formación en filosofía e teoloxía, presenta unha longa experiencia como profesor e formador na pastoral no medio urbano, así como na xestión de postos de responsabilidade dentro da Igrexa, como mostran os seus cargos como Superior da Provincia Claretiana en España (de Santiago) ou o xa mencionado na CONFER. Desexámoslle todo o mellor.*

## **Renovación, pero non de métodos**

De sorpresa, golpe de efecto, de renovación do episcopado español na liña de Francisco, cualifícase a súa designación. Vese no seu nomeamento unha aposta polo cambio, polas institucións de vida relixiosa (é a primeira vez que un presidente da CONFER en activo é nomeado bispo), en definitiva, por unha Igrexa máis aberta. As primeiras palabras do novo bispo marcan xa os novos aires de Francisco, cunha perspectiva misioneira e pastoral e, sobre todo, coa demanda explícita do recoñecemento do papel da muller na Igrexa-institución, ao reclamar que a súa sucesión na CONFER recaia nunha muller, posto que son o 85% dos relixiosos en España.

De verdade que non hai ninguén capacitado na Igrexa galega para tales responsabilidades?

Ráchase, pouco a pouco, o uniforme, conservador e irrelevante socialmente episcopado español erixido nos tempos de Xoán Paulo II e Bieito XVI, do que Rouco é o seu máximo expoñente e impulsor. Mais esta nova designación, lonxe do tan aclamado “efecto Francisco”, mostra como aínda teñen que mudar moito o funcionamento da nosa Igrexa. Se se cuestionaba o sistema de elección episcopal da

curia, escurantista e alleo á realidade das dioceses, nada semella ter cambiado. Non se trata de que elixan os nosos ou os outros, non se trata de progresistas ou de conservadores, e moito menos de malos ou bos. Refírese ao sistema institucional da Igrexa, onde a curia vaticana, ou o Papa, seguen a designar postos de responsabilidade alleos aos fieis dos territorios onde van exercer o seu labor. Os cambios que precisa a Igrexa son máis fondos ca os simples nomes.

## **Galicia reivindica un bispo alemán**

Xa aconteceu coa elección do leonés Jesús González como bispo auxiliar de Santiago, e agora con De las Heras: de verdade que non existe ninguén capacitado na Igrexa galega para asumir estas responsabilidades? No caso actual é aínda máis sintomático: a diocese do bispo Araúxo, defensor da inculturación da Igrexa na realidade galega, defensor da nosa lingua e do seu uso na liturxia, viviu cos seus sucesores unha aposta explícita por todo o contrario, unha castelanización eclesiástica, unha renuncia ao propio e unha dependencia dos ditados de Madrid. As eleccións episcopais mostran que nos últimos 30 anos se levou a cabo unha política clara pola xerarquía española e a curia vaticana de borrar calquera inclinación ou peculiaridade propia galega dos nosos bispos, fomentando un patrón uniformador alleo e castelanizante.

Non é só por cuestión de nacemento, mais non existe unha persoa que coñeza de primeira man a realidade do noso país, incluída a súa lingua, para poder ser elixido bispo? De verdade que as dioceses galegas non están preparadas para ser consultadas sobre o bispo que as ten que rexer? E para quen defenden unha perspectiva de Igrexa universal nestas eleccións episcopais, para cando un bispo alemán nas dioceses galegas?

# Crónica Desde os campos de refuxiados de Lesbos (IV)

Alfonso Mascuñana



## 9 de febreiro do 2016

Acabo de comer e vin onda sempre (Posto Café) a tomar un té, conectarme e estar aquí un bo anaco. Hoxe non traballo en Starfish, nin onte tampouco.

No día libre de onte durmín doce horas. Almorcei e saín en dirección a Skala, unha aldea pequena cun peirao que parece de xoguete e de acuarela. Bordeando o mar hai dous campos emblemáticos pola actividade de rescate no mar. Están tamén alí os voluntarios de *Proactiva*, bombeiros andaluces e cataláns. Amais dos dous campos hai unhas pequenas instalacións de ACNUR que vin sen moito uso.

O campo mais afastado é *Light House*. Estaban nel unhas doce voluntarias. Dende o mércores non chegaban lanchas por alí. Como dixó alguén: “*moitas veces estás coma os bombeiros, de retén: preparado e esperando*”. Fanse labores de mantemento. Estaban pintando.

Eses dous campos non son grandes. Teñen unha experiencia de rescate

e acollida, un ambiente cordial e familiar. O protocolo está moi claro. En canto se albisca algunha lancha, saen as zódiacs de salvamento que se achegan, preguntan se hai problemas de seguridade, cos chalecos por exemplo, e non interveñen se non é preciso socorrer, para non seren acusados de tráfico de persoas. Acompañan a lancha, ata a praia onde está xa esperando o equipo médico e a xente con mantas térmicas (poden chegar de noite, con moito frío). Unha vez en terra son dirixidos a calquera dos campos e mírase por eles, ata que van para Moira.

Amais de tomar unha cervexa cos bombeiros de *ProActiva*, onde máis parei foi no campo *Plátanos*: así se chama en grego a árbore a carón da que instalaron o campo. Teño unha especial simpatía por *Plátanos*. Estiven un bo anaco cun compa asturiano, Andrés, que leva alí un mes moi entusiasmado. Ofreceume de comer garavanzos con arroz, un cacho de feta e pan. Amosoume o campo. *Plátanos* é un campo grego, aínda que colabora calquera, e grego é o idioma. É autoxestionario no seu funcionamento. Anticapitalista de convicción e estilo. A xente que traballa nel, polo

lle intercambiar os fulares e Andrés quedou co branco, o fular acabado de chegar do mar.

## 12 de febreiro do 2016

Levamos varios días con pouca, ou ningunha, xente nos campos. Non sei o número exacto de botes que chegaron; algúns si, pero moitos menos que días atrás.

Coincide isto coas porcallentas noticias, a maioría contrastadas, as do “*non pode ser, isto temos que paralo. Como vai ser que os cincocentos millóns de persoas da nosa Europa compartan o noso magnífico modo de vivir con tres ou catro millóns de persoas refuxiadas, descoñecidas elas*”.

O macabro plan global vai indo: presións a Grecia, cartos a Turquía, posta en práctica entre Grecia e Turquía de mecanismos para as devolucións de persoas. E agora a OTAN que pon a súa máquina militar para pechar o paso. Vergoña e vergoña.

Non quero, non debo, non podoo, dicirme a min mesmo, e a quen sexa, sisudas, prudentes, e politicamente correctas razóns. Só hai unha maneira de ver as cousas: recordades a pintada? *No one is illegal*. A utopía. A raíz.

## non interveñen se non é preciso socorrer, para non seren acusados de tráfico de persoas

regular sen contas correntes no banco, ten aloxamento onde quedar.

Cando estaba para facernos unha foto co Andrés e con Agni chegou de pronto unha furgoneta cunhas vinte persoas que viñan do mar, molladas. Non me preguntedes como chegaron. Tampouco a xente do campo preguntou. Puxéronse a cen co da roupa e alimentos. A xente que chegara estaba moi feliz. Andrés estivo no reparto de roupa. Un refuxiado pediu-

Haberá futuro se non compartimos a nosa casa común, cunha maneira de organizarnos fraternal, se non facemos efectivo o dereito fundamental de todas as persoas humanas: vivir?

Vese bastante xente voluntaria pola vila, por haber menos traballo nos campos. Algunha xente encamiñase a lugares de máis necesidade estes días: tres compas marchan mañá á fronteira de Macedonia; unha a Calais; outro compañeiro foise a Knosos e ou-

tra compañeira a unha illa pequecha, onde tamén hai un grupo de persoas refuxiadas.

Xuntámonos para saír para Moria. A compañeira, Julia, de Oregón, díxerame: teño que pedirche un favor, mañá pola mañá chega no ferry o meu mozo, se me podes achegar ata o porto...

Así o fixen. Estaba a esperala a ela e aparece Siobhán, a rapaza irlandesa,

## só hai unha maneira de ver as cousas: Ninguén é ilegal

que marchaba ese día para o Reino Unido. Arrancam os tres. Unha bonita viaxe. Julia fala algo de francés: viviu seis meses no Senegal. Tamén estudou algo de español, e como ten ganas de saber máis, coma min, de inglés, botamos un anaco dándolle aos verbos.

Logo pasamos a ese tipo de conversas coas que me atopo aquí, ao vivírmolos e sentírmolos xuntas nesta situacións, sen matices, sen difuminados: vida, morte, dor, sufrimento, inxustiza, incompreensión, tenrura, solidariedade, xente, pobo, familias... Conversas sen ficción. Directas ao fondo.

Julia ten vinte dous anos pero faiche preguntas desas que nun primeiro momento non che parecen doadas de contestar, porque son as importantes: que é verdadeiramente o importante para ti, cal é o ideal da túa vida, como ves a túa vida, por que estás aquí, e (22 anos!) cales son as túas tres palabras preferidas, etc.

Pasou axiña a viaxe. Chegamos sobre o medio día e eu tiña o día libre. ...Fun ao *Helper Center*. Eu tiña moitas ganas de saír, de comer algo de peixe nalgures e beber un grolo de viño branco. E atopábame máis só cá unha. (E a unha da tarde era). Había

unhas cantas persoas traballando no contorno da casa: “*Ninguén quere vir comigo?*”; berrei sen ningún pudor, pois as que andaban traballando eran dun grupo holandés. “*Se queres vou eu?*”; contestoume alguén en galego. Era Mar, de Chantada. Chegara o día anterior e mentres se situaba fora botar unha man ao proxecto do hotel-albergue.

Sáímos xa á unha e pico. “*Eu tería que atoparme cunha compañeira italiana que chega hoxe e coa que vou compartir piso e non sabe onde é?*”; dixo. “E logo?”; contestei. “*Pois nada, que podíamos ir esperala a onde pasa o bus en Kaloní?*”

Xa sabía eu que desta non había peixe. Fomos a Kaloní. Atopamos á compa-

ñeira, Stéfani, toda enmochilada. Viñera no barco desde Tesalónica, e logo en bus. Cansa, pero dixo que non lle importaba facer un pouco de ruta con nós. Co que fomos ata Matamados, a once km. E logo seguimos ata un mosteiro, ...*Adeus peixe, adeus viño, adeus regatos pequenos*. Levaba vinte e catro horas con proxectos non regrados. Pero moi ben: *gracias a la vida*.

Hoxe erguinme ás seis, e fun ao campo de perto de Eftelou, que leva IRC. Ao velo baleiro acontéceme algo parecido ao que me pasa na casa cando non están as rapazas. Aquí sinto moita, moita pena. Penso moito na xente e gustaríame que estiveran aquí poñendo roupa seca. Benvidas irmás refuxiadas. Vinde, se o necesitades, por favor.



### Nota da redacción

Estas crónicas foron escritas polo noso colaborador Alfonso Mascuñana durante a súa estancia como voluntario na illa de Lesbos. O campo de Moria e outros campos que cita son os que, algo máis dun mes despois, e tras o vergoñento acordo entre a UE e Turquía, son noticia nos medios, convertidos deste volta en campos de concentración controlados pola policía, previos á deportación dos refuxiados.

## A VIOLENCIA DE XÉNERO: O MACHISMO MATA

Asemblea da Coordinadora de Crentes Galeg@s 2016

**SÁBADO 2 de abril de 10:00 a 18:30h**  
Centro Sociocultural Agustín Bueno Santiago de Compostela

**Interveñen:**  
Tareixa Ledo Regal, (Terapia de Reencontro)  
Asoc. Mulleres Cristiás Galegas Exeria  
Rede Veciñal de Mulleres contra a Violencia de Xénero de Vigo

O sábado 2 de abril, a partir das 10 da mañá, no Centro Sociocultural Agustín Bueno do Castiñeiriño (Santiago), celebraremos a **Asemblea da Coordinadora de Crentes Galeg@s**. Este ano o tema será “*A violencia de xénero: o machismo mata*” e estarán connosco Tareixa Ledo Regal (Terapia de reencontro) e representantes da Asociación de Mulleres Cristiás Galegas (MCG) Exeria e da Rede Veciñal de Mulleres contra a Violencia de Xénero de Vigo.

O horario aproximado será o seguinte:

- 10:00 - 10:30 h. Acollida
- 10:30 - 12:00 h. Actividade para identificar nas nosas propias vidas experiencias de maltrato e bo trato (Tareixa Ledo Regal)
- 12:00 - 12:30 h. Descanso
- 12:30 - 14:00 h. Presentación do documento “A violencia de xénero”, da Asociación MCG Exeria, e traballo por grupos.
- 14:00 - 16:00 h. Xantar compartido e paseo/café
- 16:00 - 17:30 h. A experiencia da Rede Veciñal de Mulleres contra a Violencia de Xénero de Vigo. Conclusións.
- 17:30 - 18:30 h. Celebración e despedida.



**EDITA:** Asociación A. IRIMIA

**FEITO EN PAPEL RECICLADO**

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedron Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN:** [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

**SUBSCRICIÓN:** Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / [subscripcións@asociacion-irimia.org](mailto:subscripcións@asociacion-irimia.org)  
Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

**PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA:** [asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

**CONTA:** ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

**ISSN:** 2172-9182

**IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas

**DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

# Boa Nova



## A PALABRA

### DOMINGO 3 DE ABRIL. II de PASCUA A PALABRA. Xn 20, 19-31

Naquel día, o primeiro da semana, ao serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús, e, poñéndose no medio, díxolles: «Paz convosco.» Dito isto, mostroulles as mans e mais o costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez: «Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.» E dito isto alentou sobre eles, e díxolles: «Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoedes os pecados, quedaránlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaránlles retidos.»

Mais Tomé, un dos Doce, o chamado Xemelgo, non estaba con eles cando chegou Xesús. Dícíanlle entón os outros discípulos: «Vimos o Señor.» Mais el contestoulles: «Como non vexa nas súas mans as furas dos cravos e non meta nelas o meu dedo; como non meta a miña man no seu costado, non crerei.» Oito días despois estaban outra vez dentro os discípulos, e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, e poñéndose no medio, dixo: «Paz convosco.» Despois díxolle a Tomé: «Trae aquí o teu dedo e mira as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado. Non sexas incrédulo, senón home de fe.» Tomé respondeulle: «Meu Señor e meu Deus!» Xesús díxolle: «Tes fe porque me viches? Benia os que creron sen veren!» (...)

### Boa Pascua, boa xente!!

Celebrádeo defendendo a alegría por riba de todo. A alegría é o único e máis xenuíno froito da fe. Con ledicia danzaban os homes e mulleres de Israel cando se viron do outro lado do mar Vermello, a salvo da escravitude de Exipto, e a ledicia é quen de cambiar os corazóns daqueles galileos que non saían da casa por medo.

Se non somos quen de comunicar alegría a nosa fe está baleira. Por iso vos quero brindar, nesta mañá de Pascua, un anaco dun poema de Mario Benedetti:

*Defender la alegría como una trinchera  
defenderla del escándalo y la rutina  
de la miseria y los miserables  
de las ausencias transitorias  
y las definitivas  
defender la alegría como un principio  
defenderla del pasmo y las pesadillas  
de los neutrales y de los neutrones  
de las dulces infamias  
y los graves diagnósticos (...)  
defender la alegría como un destino  
defenderla del fuego y de los bomberos  
de los suicidas y los homicidas  
de las vacaciones y del agobio  
de la obligación de estar alegres (...)*

Marisa de Corme

## A CLAVE

Acabamos de celebrar a Pascua e lembramos a aposta que fixo Xesús polo Reino: arriscou a vida ata o final. Lanzouse á piscina cos ollos pechados. Cando un fai o que cre que ten que facer, saia ben ou non, faino convencido. Crer, seguir unha estrela (lembra os Reis Magos), ter un obxectivo, iso dá sentido á nosa vida.

Non cremos en cousas, sexan dogmas, mitos ou relixións, senón en persoas. Creo en Xesús. E non o podo ver en directo, nin escoitar, nin tocar, pero podo ver, escoitar e tocar a outros e outras que me lembran o que El dixo e fixo. E ás veces non é porque me falen de El, nin sequera teñen que crer en El, é porque o seu estilo de vida chega máis que calquer sermón.

Crer non se fai coa cabeza, non temos que pasar ningún exame de catecismo, saber listas de mandamentos nin sacramentos, contestar preguntas ao pé da letra. Faise co corazón. Ter fe é fiarse dalguén, poñer a man no lume por alguén. É un risco, cremos que a nosa vida será mellor así. Xogámonolo todo a unha carta, apostamos a todo ou nada. Parécese moito a estar namorado/a.

Olga Álvarez

## ECO

# Falando da lingua Ler para saber...

Lidia e Valentina



Así como o outro día felicitabamos os fisioterapeutas e loabamos o seu bo facer cos vídeos en galego, hoxe imos dar o enésimo tirón de orellas aos medios de comunicación e, sobre todo, a unha Administración que subvenciona a quen lle cadra e como lle cadra, pero mirando por si, non polo galego.

Segundo unha reportaxe publicada no núm. 26 da revista *Luzes*, “A onde van as axudas ao galego nos medios”, pódese ver unha serie de datos que claman ao ceo. Recomendámosvos a súa lectura, onde poderedes escandalizarvos con cuestións como:

1 - É condición necesaria para optar ás axudas destinadas ás empresas xornalísticas que estas teñan o 8% escrito en galego. Segundo os estudos feitos, o que cada xornal imprime na lingua “promocionada” non chega ao 3% no que se refire a información, e aí entran cartas ao director e mais os textos dos columnistas, que algún escritor hai que se mantén no xornal escribindo en galego. Logo hai un 2% de publicidade... Vai que se sumamos, aínda sendo de letras, vemos que non se chega ao tal mínimo

2 - Na calidade da lingua xa non entramos, que aínda hai un par de números que lle dedicamos a nosa sección a avaliar un texto da *La Voz*...

3 - Polo visto, os medios dixitais non se consideran “medios escritos” para poderen acceder ás axudas á prensa en galego!

4 - Só se consideran publicacións periódicas aquelas que teñan un mínimo de 12 números ao ano, é dicir, mensuais, semanarios ou diarios, pero non publicacións bimensuais, trimestrais...

5 - As empresas editoriais que reciben máis diñeiro son dúas que funcionan do mesmo xeito: a) fan tres edicións do mesmo produto raíz co número de páxina para entrar na subvención; b) todo está asinado, se o está, por “redacción”; c) as informacións xorden de fontes políticas e institucionais, polo que a información vén sendo unha serie de comunicados institucionais, sempre que as institucións estean gobernadas polo Partido Popular...

Vaites..., que a Xunta, deputacións e concellos gobernados polo PP promocionáanse en galego... de balde...

## O Fachineiro do teatro

### Eroski paraíso

A compañía Chévere é do mellor que lle pasou ao teatro galego no último cuarto de século. Dende os afastados tempos de *Río Bravo* ata a o premio estatal de teatro co que foron recoñecidos en 2014 aparecen algunhas das mellores pezas da nosa magra produción teatral. Sempre foron acedos, cáusticos, argutos, cun grande sentido do humor e facendo do seu labor un esteo para a lingua galega nas artes escénicas. Meter o dedo no ollo do poder tamén lles custou ter que abandonar a mellor sala que houbo en Galicia, a Nasa de Santiago, que contaba cunha actividade cultural que facía palidecer a de calquera outra, xa fose pública ou



privada. Entre as últimas producións están *Eurozone* ou *Citizen*, que describe o período histórico que acompañou o ascenso ao trono de Forbes de Amancio I e da factura que a deslocalización das fábricas téxtiles produciron en tantas pequenas cooperativas galegas. Agora estean *Eroski Paraíso*, nome tomadoda dis-

oteca muradá cuns locais que agora ocupa o supermercado. Un exemplo local para tirar conclusións universais: a emigración, o desarraigo, o estado de benestar estafado... Estrearon en Muros a semana pasada e agora van xirar por toda Galicia. Imperdible.

A.Q.